

## Programa A Cooperativa Alternativa de Emprego para a Mocidade

[ En colaboración coa Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social (EFESO) do FSE+ ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Do 14 de febreiro ao 5 de abril de 2024	<b>DURACIÓN</b>	75 horas   25 horas curso
<b>HORARIO</b>	Haberá 6 sesións virtuais – 2 por cada curso – en horario de mañá		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN</b>	A través da Aula Virtual de EspazoCoop: <a href="http://www.aulaespazocoop.com">www.aulaespazocoop.com</a>		
<b>PERSOA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>TELÉFONO</b>	697 877 773
		<b>E-MAIL</b>	<a href="mailto:patane@espazo.coop">patane@espazo.coop</a>

**PARA INSCRIBIRTE PREME AQUÍ**

### OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á mocidade para potenciar o emprendemento a través da fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar de xeito práctico e achegado á realidade as condición e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar recursos e medidas de apoio existentes que favorezan o emprendemento colectivo na mocidade.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Desenvolver habilidades persoais clave no traballo colaborativo.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver e calendario de actuación.

### PROGRAMA E CONTIDOS

#### Acción 1: EMPRENDEMENTO COOPERATIVO PARA A MOCIDADE 25 horas | do 14 ao 29 de febreiro | Sesións virtuais:

Módulo 1.- O emprendemento. A situación da mocidade no emprego. Presentación de Espazocoop, Rede Eusumo e o programa EspazoCoop Emprime.  
Módulo 2.- O cooperativismo de traballo, alternativa de emprego.  
Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento na mocidade.  
Módulo 4.- Experiencia cooperativa. O caso das cooperativas xuvenís

#### Acción 2: HABILIDADES E COMPETENCIAS PARA O TRABALLO EN EQUIPO NAS COOPERATIVAS 25 horas | do 1 ao 17 de marzo | Sesións virtuais:

Módulo 1.- A Comunicación.  
Módulo 2.- O traballo en equipo.  
Módulo 3.- A toma de decisións.  
Módulo 4.- O liderado nas cooperativas.

#### Acción 3: DESENVOLVENDO A IDEA COOPERATIVA

25 horas | do 18 de marzo ao 5 de abril | Sesións virtuais:

Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo. | Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.

Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira. | Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

### METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo grupal, coñecer boas prácticas, utilizando medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Cada curso terá dúas sesións virtuais de aprendizaxe que complementan os materiais.

### DIRIXIDO A

Persoas mozas, que se atopan buscando emprego, persoas emprendedoras, persoas ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Composición do grupo: mínimo 10 e máximo 20 persoas.



Este programa enmárcase:

- No programa de actuación 2023-2024 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social.

- Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, EFESO, cofinanciado por el Fondo Social Europeo Plus para el periodo 2021-2027, a través del organismo intermedio CEPES.